



Varios promotores do Manifesto arrouparon a Callón na presentación do texto, un acto celebrado onte no Auditorio de Galicia, en Compostela.

DERECHITOS Intelectuais e escritores mobilízanse cun manifesto que rexeita os "feroces ataques" do nacionalismo español contra "os dereitos de vivir en galego"

Convivencia lingüística

A convivencia lingüística non é unha prioridade para o presidente da Xunta. Díbil, é unha aspiración e desexo das intelectuais.

MARÉ • Santiago

Comunicadores como Xosé Manuel Piñeiro, poetas como Yolanda Casanova ou históricos galeguistas como Avelino Pousa Antelo presentaron onte en Compostela o *Manifesto a prol da Convivencia Lingüística e da Igualdade de Dereitos para o Galego*, un texto promovido pola Mesa para a Normalización Lingüística que nace como resposta ao Manifesto por la lengua común, promovido polo partido nacionalista español Unión, Progreso y Democracia (UPyD), de Rosa Díaz.

O manifesto, segundo sublinhou onte o presidente da Mesa, Carlos Callón, é un chamamento á "igualdade de dereitos para o galego" e á "convivencia lingüística" como "respuesta aos feroces ataques" que, nas súas palabras, "está vivindo nas últimas semanas o derecho a poder vivir con normalidade" na lingua propia de cada rexión.

O documento, engadiu Callón, "non é un manifesto contra ningúen", se non que, "ao contrario", é un texto "en positivo, pola igualdade de dereitos para o galego e pola

A CLAVE O presidente da Mesa para a Normalización Lingüística, Carlos Callón, durante a presentación do manifesto.

Estímulos para a que a sociedade pense

Os asinantes do manifesto sinalan que "o verdadeiro problema non está na cooficialidade de idiomas", senón "na actitude de quien nega a existencia de pobos e linguas diferentes". E engaden: "Alertamos á sociedade galega para que non se deixe confundir e instámola a pensar sobre a verdadeira situación do galego no noso propio país", sentenciaron.

O manifesto, que consta de seis puntos, conclúe cun chamamento de acción: "Debenos ser fiúmes rexitando todo posicionamento que persiga recortar dereitos ou retroceder no calivo

camiño andado tanto nas administracións públicas, como na vida social".

O *Manifesto a prol da Convivencia Lingüística* está promovido por varios intelectuais e membros da vida social galega, entre os que figurán escritores Xosé Luis Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Teresa Moura e Manuel Rivas, os poetas Yolanda Castaño e Luis González Tosar; as cantantes Ana Kiro, Mercedes Peón e Uxía Senlle; o investigador Jorge Mira, o actor Luís Tosar, os arquitectos César Portela e Manuel Gallego Jorret, o periodista Xosé Manuel Pereiro, o filólogo Isaac Alonso Estravís, o pedagogo Xosé Lachra ou o escultor Francisco Leiro.

Estas personalidades reclaman, segundo a Mesa, "que se poda vivir en igualdade de condiciones sen que haxa cidadáns de primeira e de segunda pola súa lingua de orixe", precisou Callón.

Así mesmo, resaltou que a sua intención é conseguir a adhesión "individual, asociativa e institucional" de Galiza. Por iso, a Mesa dispuxo dun sistema de recollida de firmas a través da súa páxina web, á que poderán acceder os interesados.

AO OUTRO LADO O ciclista Óscar Pereiro, María Freitas, asegura que vai falal en galego porque senón "os de Galiza non sei se irán por mim".

Segundo reproduce a web Libertad Digital, Freitas declarou ás portas da clínica na que está internado o seu mariño que os están "cribando" por asinar o Manifesto por la Lengua común a través dos foros de internet, onde -sublinha- os chaman de todo Deste xeito, indicou que as mensaxes más

frecuentes fan referencia ao accidente que recentemente tivo o ciclista de Padrón no Tour de Francia "Dingle fódet", buscáchelo ti, tes mal karma porque renunciaches á tua patria, xa non es galego..."

Ainda que Libertad Digital, de ideoloxía concorrente cos promotores do Manifesto por la Lengua común, trata de identificar os ataques nacionalistas galegos, pretende apontar o idioma castelán como o único con autenticidade oficial de todos os españoles.

convivencia lingüística". Os asinantes reclaman, sublinhou, "o dereito a poder vivir en galego con normalidade", algo que "non prexudica a ningúen", así como que "o galego teña todas as garantías de oficialidade como tamén as debe que ter o castelán".

Ademais, Callón reclamoullas ás autoridades gobernamentais e ás institucións que "traballan para garantir" os dereitos lingüísticos dos galego parlantes, para o que o manifesto iniciará "un camiño na procura de adhesións individuais, de asociacións e institucionais" mediante a súa distribución via internet.

Xosé Manuel Piñeiro foi o encargado de ler durante a presentación o texto, no cal se afirma que "o pobo galego ten dereito a que a súa lingua propia sexa oficial para todos os efectos", algo que, admite, "está moi lonxe de ser así".

Segundo reza o manifesto, os galegos "non gozan de dereitos lingüísticos plenos para desenvolver a súa vida diaria con normalidade na súa lingua". "É o galego o que corre perigo como idioma e os galego parlantes os que non son debidamente respectados", asegura.

Así, os asinantes do documento consideran "realmente preocupante" que "haxa quem pretenda con vencer a opinión pública de que o castelán corre perigo de desaparición" e que "os seus falantes son discriminados en Galicia". ■

A muller de Pereiro di que fala en galego por medo

A muller do ciclista Óscar Pereiro, María Freitas, asegura que vai falal en galego porque senón "os de Galiza non sei se irán por mim". Segundo asinas a web Libertad Digital, Freitas declarou ás portas da clínica na que está internado o seu mariño que os están "cribando" por asinar o Manifesto por la Lengua común a través dos foros de internet, onde -sublinha- os chaman de todo Deste xeito, indicou que as mensaxes más

frecuentes fan referencia ao accidente que recentemente tivo o ciclista de Padrón no Tour de Francia "Dingle fódet", buscáchelo ti, tes mal karma porque renunciaches á tua patria, xa non es galego..."

Ainda que Libertad Digital, de ideoloxía concorrente cos promotores do Manifesto por la Lengua común, trata de identificar os ataques nacionalistas galegos, pretende apontar o idioma castelán como o único con autenticidade oficial de todos os españoles.